

Internet, un instrumento para a cidadanía do mundo

Luís A. Pousa

O período histórico que nos tocou en sorte caracterízase por unha revolución tecnolóxica que produce fortes e radicais mudanzas nas sociedades. Os procesos de globalización teñen nela o seu principal motor, e na información a enerxía que o move. As tecnoloxías que a distribúen fan o resto. Non sen grandes contradicións. Porque se por un lado facilitan o control e a vixilancia, facendo porque nos sintamos sometidos a un demiúrxico Gran Irmán que todo o pode, polo outro permite a emerxencia de estruturas sociais alternativas.

As tecnoloxías da información e da comunicación concentran todo o seu potencial arredor das telecomunicacións, a informática e a telemática, dando orixe aos satélites, ás redes e á Internet. Os fluxos comunicacionais móvense en rede, e as sociedades ás que serven, tamén, pois que nada queda fóra dos efectos producidos pola globalización económica e informativa. Incluídas as mudanzas que provocan sobre as identidades culturais, a educación, o mundo do traballo, o exercicio da cidadanía e a percepción do tempo nesas mesmas sociedades. Internet adminístralles ás redes todo o seu potencial, ao romper cos espazos comunicativos físicos, tal e como estaban tradicionalmente configurados, e facer que emerxan outros de tipo social, cultural, político e económico globais. O local globalízase con Internet, e o global entra no local. Todos estamos e sentímonos por iso globalizados.

Nacera Internet dun proxecto financiado polo Pentágono norteamericano co obxecto de permitir a comunicación entre ordenadores, e poder soportar así os peores escenarios que a paranoia militarista dos anos 70 imaxinaba e admitía. Co tempo, socializouse.

A comezos da década dos 90, Internet empeza a ser percibido como unha revolución nos medios de comunicación tradicionais. Socava as vantaxes baseadas no espazo físico –a información que traslada é accesible para calquera e en calquera lugar no que haxa unha liña telefónica e un ordenador equipado con módem–, e tamén as baseadas na produción e distribución –a información pode alterarse continuamente con actualizacións inmediatas e puntuais–; proporciona as canles a través das cales tanto informadores como publicistas poden establecer relacións directas con lectores e clientes respectivamente, e socava as fronteiras entre a edición, a publicidade e as transaccións. Forzosamente vai influír, xa que logo, nos modelos empresariais dos medios.

Internet, símbolo e emblema

Velaí como converxen en rede os procesos de globalización e os procesos comunicativos, que se abren ás multimedia –incorporando diversos sistemas de expresión audiovisual tradicional e tamén outros novos– e á interactividade. Neste último caso, porque aparte de repercutiren nos usuarios, nos medios e nos contidos, eses procesos revolucionan moi especialmente a recepción: cada usuario ten capacidade para recibir e para ofrecer informacións, atótese onde se atope.

Ora ben, o acceso non está xeralizado. Sempre vai depender dos factores económicos, culturais e sociais que se active ou non esa posibilidade. Malia que sexa certo que “a sociedade vén de ser conquistada pola comunicación”, en palabras de Bernard Miège, á vez que símbolo e emblema da sociedade da información e da comunicación, Internet é tamén signo de contradición. Condena a tódolos cidadáns do mundo a padecer –os máis– e a beneficiarse –os menos– das consecuencias da globalización. E vén resultar que, en medio dunha das revolucións tecnolóxicas máis extraordinarias da historia, a disparidade de coñecementos e de capacidade científica concéntrase cada vez máis en termos relativos por países, por clases, por institucións e por organizacións, como subliña Manuel Castells⁽¹⁾. A comunidade global que une Internet é un espello das desigualdades e relacións de poder do mercado capitalista mundial.

Non en balde coas novas TIC, e con Internet como o seu símbolo e o seu emblema, a información converteuse na principal fonte produtora de valor, e as actividades relacionadas con ela van moito máis alá do producido polo sector bens e servizos. A información e o coñecemento que produce importan máis que a man de obra e que o mesmo capital. Son compoñentes fixos de tódalas formas de produción. En calquera caso, non esquezamos que a economía, o mesmo que a política e a cultura, seguen ordes de arraigo diferentes e desenvólvense segundo os países ou os individuos en cada caso. Quérese dicir, con Internet non só estamos diante dunha tecnoloxía ilimitada para o acceso e o subministro de información, tamén estamos diante dunha tecnoloxía social, que na medida en que desenvolva todo o seu potencial, ben podería acabar proxectando novas formas de organización social. Así o describen Oliveira, Barreiros e Cardoso cando defenden que Internet é un extraordinario instrumento para a participación cidadá⁽²⁾.

En efecto, recalando nesa dobre dimensión, como tecnoloxía da información e como tecnoloxía social, é como podemos descubrir o que Internet dá de si para ser fonte de negocio e á vez fonte para a cidadanía. De sobresaír a primeira, o modelo comunicativo que produce será de carácter unidireccional, e ten nos

(1) Dos máis de seis mil millóns de habitantes no mundo, só 150 millóns teñen acceso a computadoras (30 de cada mil). Se ben é certo que o número de países conectados con Internet chega ata os 200, non o é menos que 188 deles teñen xuntos menos do 5 por cento das conexións. A metade das computadoras están nos EEUU.

2 DE OLIVEIRA, J.M., BARREIROS, J.J., LEITAO CARDOSO, G., *Internet como instrumento para la participación ciudadana*, La ventana global, Taurus, Madrid, 2002, p104.

procesos de concentración a tendencia a seguir, facéndose así Internet subsidiario duns poucos controladores mediáticos. Da segunda dérivase un modelo comunicativo que favorece a capacidade de diálogo e o acceso á información, a universalización dos temas e a produción e difusión de ideas alternativas fronte ás que son dominantes, o fomento das mobilizacións de grupos que están dispersos pero que teñen fortes afinidades entre si. Sen que tampouco estea libre, pese ao anterior, de desviacionismos (ofrecen dispositivos para un maior e eficaz control da información, que pode acabar en censura pura e dura) que teñen a súa orixe en intereses económicos ou políticos.

Internet é liberdade. Pero tamén é poder. Constatase cada vez máis a confrontación entre liberdade e poder no seu uso. Por unha parte, ensancha o seu ámbito de proxección e accesibilidade na medida en que avanza as innovacións no conxunto das tecnoloxías informáticas de rede, de telecomunicación de banda ancha, de telecomunicación móbil e de computación distribuída. Velaí o seu ángulo libertario, que abona o que entendemos por democracia electrónica, ou os campos experimentais aportados polas TIC para as novas prácticas democráticas de participación cívica. Pola outra, e baixo o pretexto do terrorismo e da pornografía e demais delitos cibernéticos, os gobernos sufocan o seu potencial comunicativo sempre que se ven cuestionados desde dentro da rede polos movementos cívicos, recorrendo entón a leis patrióticas como a que despois do 11-S estableceu todo tipo de licencias, dentro e fóra de Internet, que vulneran de feito as liberdades de expresión e de información, así como a privacidade das persoas. Velaí o seu ángulo escuro.

En calquera caso, Internet é un medio que tende a fomentar espazos de mediación e instalacións de organización no escenario do global, para grupos informais de cidadáns que perseguen un obxectivo común. Así quedou de manifesto en situacións de conflito internacional, como o foi a protesta contra a represión en Indonesia que seguiu en 1999 dun referendo pola autodeterminación de Timor Oriental: o correo electrónico e o fax serviron para crear redes de solidariedade en todo o mundo, chegando a interromper os servidores das delegacións do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, e de varias chancelerías dos membros permanentes do Consello. Tamén se constatou a influencia deste novo medio na revolta de Seattle que se levou a cabo durante o Cumio do Milenio que convocara a OMC (Organización Mundial de Comercio). Neste caso, o chamamento á revolta tivo a súa orixe en Internet, e foi despois a televisión a que difundiría a imaxe da mobilización de maneira masiva. O movemento das redes cívicas vóllese de Internet para promover as súas accións reivindicativas e democráticas.

Ultimamente estase introducindo na esfera da comunicación o que Manuel Castells chama Mass Self Communication (Comunicación Masiva Individual), que participa tecnicamente en Internet, pero tamén no desenvolvemento dos teléfonos móbiles (dous terzos dos habitantes do planeta poden comunicarse grazas aos teléfonos móbiles). É unha das novas formas de comunicación que explodan agora, e entre as que tamén hai que subliñar a que está representada polo fenómeno dos blogs

(hai perto de 40 millóns). Os movementos sociais de todo o mundo adoptaron estas e outras fórmulas da comunicación individual para organizarse e mobilizarse.

Polo xeral, o movemento altermundialista e outros de implantación local usa Internet e tódolos recursos útiles para a comunicación individual. Sucedeu en España un 11-M, cando tivo lugar unha gran manifestación de protesta contra a manipulación informativa que o goberno de Aznar puxera en marcha para imputarlle a ETA a responsabilidade dos atentados de Madrid. Por esa vía tamén ten demostrado una capacidade de influencia nos medios de comunicación dominantes, ben a través de modelos como o que representa Indymedia, ben a través de outras redes asociativas.

A democracia electrónica non se basta a si mesma para democratizar as sociedades ás que serve, pero si que fomenta a organización informal que caracteriza á maior parte dos novos movementos sociais contemporáneos. Internet é nesa dimensión un instrumento capaz de facilitar unha cidadanía participativa. Porque é, como se viu nos dous exemplos citados, capaz de organizar e preparar iniciativas cívicas no espazo do global. Fomenta, pois, procesos de mediación política.

O control e a censura en Internet

O que se observa, sen embargo, é que a nova tecnoloxía de Internet non está xerando novos competidores, senón que ofrece máis ben un novo medio de distribución que se integra aos vellos medios, ricos e dominantes en contidos, dando lugar a oligopolios aínda máis poderosos. Así o detectan teóricos como Edward S. Herman. Este proceso concentrador inclina o poder político a favor das corporacións. Os novos xigantes das grandes fusións de corporacións comerciais tamén se dan no mundo de Internet, como a AOL coa Time-Warner, e teñen a suficiente influencia financeira e comercial como para incidir no proceso político.

Segundo o propio Herman, estamos ante dúas tendencias que parecen querer converter Internet nun espazo máis ao servizo das grandes corporacións. A primeira apunta a lograr a promulgación de leis que favorezan a capitalización da información, quérese dicir, a creación dun entorno dixital seguro e fiable para a expansión dos negocios. A segunda, a que considera Internet como a base dunha nova economía dominada por un pensamento único capaz de influír no deseño do mapa e códigos de circulación das futuras autoestradas da información e do coñecemento. Con iso, córrese o perigo de que o protagonismo neste proceso de construción recaia cada vez máis nos poderes económicos e políticos.

Esas tendencias, que son reais, contradín a filosofía sobre a que naceu e se afianzou Internet, ao ser concibido como un sistema aberto, onde as linguas e protocolos permiten a intercomunicación entre sistemas diversos, universais e de dominio público, que é o que garantiría o libre intercambio de información, constituíndo así a base para unha comunicación democrática de circulación transnacional.

Faise necesaria por iso a intervención militante dos representantes da sociedade civil para estorbar e interromper esas tendencias, pois que está en perigo o potencial de comunicación e de participación social que permite a rede de redes. En definitiva, desenvolver un poder cidadá en Internet, capaz de abrir espazos públicos, ágoras de liberdade, para que a cidadanía comparta información non mercantilizada e se mobilice a prol das causas xustas. Co obxectivo de construír lazos de cooperación e solidariedade, nunha interacción equitativa alonxada do poder hexemónico e do diñeiro.

Na Carta da Asociación para o Progreso das Comunicacións sobre Dereitos en Internet (APC), que se fixo pública antes da celebración en Porto Alegre (2001) do Foro Social Mundial, denunciaban os seus redactores que se estivese sufocando ese grande potencial de comunicación por unha tendencia crecente cara o monopolio das tecnoloxías da información e comunicación, que estaría propiciada polas normas que impón a ditadura do mercado. Internet incrementaría así as desigualdades sociais e económicas entre países e dentro deles. O que reclama esa asociación internacional é facer que a rede de redes e as tecnoloxías que lles dan soporte se convertan pola contra en ferramentas para a resistencia, a mobilización social e o desenvolvemento sostible. Resulta obvio que non será posible se non se detén o proceso de progresiva privatización na que entrou. Esixe pois esta Carta que se garantan os dereitos de expresión, comunicación, asociación e protesta en Internet, e que sexan protexidos nas prácticas nacionais, rexionais e internacionais.

O desafío agora é dobre: como se defende Internet do control político, e como se difunde a súa aplicación a outros sectores agora marxinados do seu uso. Ese poder recrudeceu as súas prácticas censoras despois do 11-S, que foi cando se constata o salto que experimenta desde un Internet de elite a un de masas. A conmoción mundial provocou unha irresistible curiosidade por saber, facendo da rede un espazo de encontro e debate. Non será fácil. As organizacións pro dereitos civís e altermundialistas, movementos contestatarios e globais como a rede Freenet, reclaman que se limite a capacidade operativa de organismos gubernamentais que, como sucede coa National Security Agency norteamericana, detentan unha sobredimensionada capacidade tecnolóxica de encriptación (control sobre a privacidade do cidadán) e desciframento (información non accesible, por indescifrábel, aos cidadáns e que está nas mans de gobernos e empresas). Esa Axencia ten por iso poderes máis extensos que o FBI e a CIA. Internet é a súa ferramenta base. A recuperación e a práctica de ambos dereitos pasa pola capacidade autónoma da xente para utilizar as tecnoloxías de encriptación en comunicación horizontal do tipo PGP, e pola libre difusión da información das tecnoloxías de encriptación na rede.

A Administración norteamericana, os do G-8 e o Consello de Europa, ademais dos sospeitosos de sempre na aplicación da censura como China, Malasia, Singapur, os países islámicos e fundamentalistas, entre outros, xa se teñen pronunciado a prol do control burocrático da tecnoloxía de encriptación, e están desenvolvendo a lexislación e as medidas necesarias para conseguilo. Sábenas imprescindibles para o

control e a vixilancia, de maneira especial para teren permanentemente localizados aos contestatarios de todo tipo e condición.

As tecnoloxías de control governamental contrapóñense as tecnoloxías que Castells chama das liberdades. Máis en concreto, as do software de fonte aberta, que permite a difusión dos códigos sobre os que se basea o procesamento informático nas redes, e as de encriptación, que permite manter o anonimato da mensaxe e borrar as marcas do camiño seguido na rede, facendo así difícil a interceptación da mensaxe e a identificación do mensaxeiro.

Con todo, aparte da tecnoloxía para a defensa da liberdade, é aínda máis importante a capacidade dos cidadáns para afirmar o seu dereito á libre expresión e á privacidade da comunicación. Han ser as institucións as que recoñezan e protexan esa liberdade. Velaí a importancia que tivo nos anos 80 do século pasado o movemento hacker de Richard Stallman, que se concretou en numerosas mobilizacións de opinión como a de Electronic Frontier Foundation nos EEUU. Tamén en Europa se mobilizaron outras redes de cidadáns, para esixir a liberalización e democratización de Internet. Os gobernos resístense a deixarse sorprender desde a rúa, e poñen a tope para iso as súas respectivas artillaría tecnolóxicas e lexislativas, case sempre con carga censora.

Os gobernos manteñen activados, polo xeral, os intentos de regulamentación, lexislación e instauración de mecanismos de control, sempre ao amparo da protección necesaria dos nenos/as, os principios democráticos e os consumidores. Pero a realidade non sempre concorda con estes obxectivos. A práctica censora non desapareceu tanto en países de tradición democráticas como especialmente naqueles outros nos que non existe, ou está caricaturizado, o respecto polos dereitos humanos e as liberdades individuais e cívicas. Internet é para todos eles un problema de primeirísima orde. Uns conseguen ese control censor “*manu militari*”, establecendo barreiras tecnolóxicas e programas de enmascaramento ou de espionaxe sobre calquera iniciativa de corte rebelde na rede. China é a día de hoxe o mellor exemplo. Outros válense de leis patrióticas que todo o supeditan á seguridade, como é o caso da Administración norteamericana actual a partir sobre todo dos atentados do 11-S, que tanto segue incidindo no sistema de medios, e de maneira especialmente intensa nas políticas de obrigado cumprimento en Internet. Hai que dicir sen embargo que xa a Administración Clinton tentara por dúas veces impoñer a censura en Internet (en 1996 e no 2000), fracasando no intento tanto ante a opinión pública como nos tribunais, que si deron agora un patriótico *nihil obstat* a Bush.

Terceiros países, e de entre eles os 27 que integran a Europa comunitaria, representan a terceira vía a través das directivas aprobadas e emitidas pola Comisión, como a que no 2000 sinalaba os criterios para que os estados membros regulasen o comercio electrónico, interpretada sen embargo de moi diferentes maneiras, nalgúns casos como escusa para lexítimar prácticas escasamente democráticas.

O goberno de Aznar provocara tamén unha forte polémica ao presentar en dúas ocasións (no 2000 e no 2001) o seu anteproxecto de lei de Servizos da Socieda-

de da Información, no que se detectaron efectos censores para o futuro. Abría a porta, entre outras, a que un funcionario, sen que se producise unha iniciativa xudicial previa, puidera intervir contra a libre expresión dos cidadáns en Internet, o que ía de cheo contra o artigo 2 da Constitución. Non se lle discutían os apartados que apostaban pola defensa da liberdade dos usuarios, e dos cidadáns en xeral, nun mundo embrutecido que tamén se está acomodando conflitiva e criminalmente na rede.

O ICANN frea a utopía

Internet representa, a pelo, a utopía da liberdade. Sen institucións, mediante o poder da tecnoloxía nas mans dos individuos, a rede de redes cumpriría o soño libertario que emerxeu a partir da eclosión comunicativa/interactiva na que se manifestou de entrada a sociedade da información.

Phil Zimmerman, o matemático rebelde que en 1991 difundiu en Internet o seu sistema PGP (Pretty Good Privacy), en resposta aos intentos do Senado estadounidense de prohibir a encriptación no marco da lexislación antiterrorista, deu pé a pensala ao noso alcance. En lugar de crear un directorio de claves públicas, como fixeran nos prolegómenos da rede Diffie e Hellman, Zimmerman baseouse nunha rede autónoma de autentificación, na que cada persoa pode autentificar coa súa sinatura dixital a outra que coñece, e así sucesivamente. Como a súa fórmula permitía tamén a comercialización de produtos sen mediadores interesados, as empresas levárono ao xulgado, sufrindo persecución por elo. O control das grandes multinacionais sobre a rede é cada vez máis decisivo á hora de establecer barreiras privatizadas e de negocio na rede.

Pero non terían tanto poder se o ICANN (Internet Corporation for Assigned Names and Numbers)⁽³⁾ deixara de depender de Washington e se transformara nun organismo independente ligado ás Nacións Unidas, como se vén reclamando con pouco éxito desde importantes foros internacionais. Nacera en 1998 nos Ángeles, que é onde segue tendo a súa base, como un organismo de dereito privado e sen fins lucrativos, pero baixo o control do Departamento de Comercio dos Estados Unidos e sometido á lei californiana. A súa principal función é a de coordinar os nomes de dominio que axudan aos usuarios a navegar pola rede. O xestor de dominios que foi inicialmente está, sen embargo, transformándose polas presións políticas e económicas de quen o tutelan nunha réplica virtual da Organización Mundial do Comercio.

A resistencia da Administración estadounidense a facilitar que se independice do seu control e do que detentan a través súa corporacións económicas e comerciais globalizadas, veu impedindo desde o ano 2000 que se establecesen para ese organismo regras que definisen o dominio de nomes como un espazo público na

3 O ICANN apóiase en trece grandes computadoras ou “servidores raíz” instalados en EEUU (10), en Europa (2) –Estocolmo e Londres–, e Xapón (1).

rede, compatibilizando funcións públicas e privadas, tal e como vén demandando o Foro da Sociedade Civil, que se constituíu hai seis anos a proposta da Asociación para o Progreso das Comunicacións (APC), sen que as súas funcións públicas exclúsen as de tipo privado. A última desas negativas tivo lugar en setembro do 2005 en Xenebra, durante unha negociación preliminar entre EEUU e a UE que había de preparar o cumio que posteriormente se celebrou en Tunicia. Washington non aceptou a reforma da xestión de Internet que lle reclamaron os 25 estados europeos, e que querían facer coincidir coa data na que remataba o contrato que liga ao ICANN co Ministerio de Comercio norteamericano (setembro do 2006). Países como China, India e Irán teñen feito así mesmo esa reivindicación, se ben por motivacións de dubidoso cariz democrático, ameazando incluso con crear o seu propio mecanismo nacional de xestión da rede, o que daría como resultado unha moi negativa fragmentación de Internet.

Nas reivindicacións sociais a prol da independencia e democratización dese organismo pesan os grandes consensos internacionais que desde comezos dos anos 90 veñen reclamando a participación da sociedade civil no mundo da información e da comunicación ciberespacial. Empezando polas dúas conferencias mundiais que convocou a ONU entre 1992 e 1995: a ECO de Río de Xaneiro e a de Dereitos Humanos de Viena (1993). Tamén se falou e se formularon advertencias respecto da configuración como unha mercadoría que a información ía acollendo na rede, e do poder que as corporacións asumían sobre ela, noutras grandes citas mundiais.

No Foro Social Mundial de Porto Alegre (Brasil, 2001), na Conferencia sobre a Pobreza e o Desenvolvemento (O Cairo, 1994), no Cumio Social (Copenhage, 1995) e na Conferencia Mundial de Mulleres (Beijing, 1995). En todas se plasmou a necesidade de derivar o potencial tecnolóxico da rede cara o libre intercambio de información e a comunicación democrática de circulación transnacional que viabiliza Internet como un sistema aberto, onde as linguas e os protocolos permitan a intercomunicación entre sistemas diversos, universais e de dominio público.

A APC, e o Foro da Sociedade Civil para o ciberespazo que se creou no arranque do século, ao que non se lle concedeu nunca existencia oficial, formalizou unha proposta de co-participación cívica na dirección do ICANN que nunca foi aceptada, ao tempo que estableceu criterios democratizadores que este organismo tería que acabar asumindo. Habería de ser representativo e transparente na súa xestión, aceptando que os proxectos se xestasen desde as bases; deixaría de privilexiar a propiedade intelectual sobre outros dereitos, e evitar intervir en políticas referidas a temas que non sexan técnicos; tería ademais que considerar o Dominio de Nomes como un espazo público, evitando ao tempo que fose artificialmente escaso; debería respectar a privacidade e lograr que os custos de participación en Internet sexan mínimos e equitativos.

A dependencia política e comercial impide que esa mudanza acabe sendo posible. O que quere dicir, entre outras cousas, que posto que todo o mundo depende do ICANN para conseguir o dominio sobre un nome, ninguén pode eludir as súas

condicións de acceso a Internet, que son custosas. E que aínda poden chegar a ser máis, porque existe o risco de que co tempo as grandes corporacións e os gobernos que queiran intervir na regulamentación de Internet, coas intencións que sexan, consigan os seus obxectivos presionando ao ICANN para que estableza condicións de dominio e de acceso que sexan inalcanzables para a inmensa maioría de países e sociedades: tarifas polos dereitos de propiedade intelectual ou de rexistros, e tamén pola aplicación de impostos e transaccións comerciais que teñan lugar na rede. Algo que xa é real.

Internet e a comunicación alternativa

No II Congreso Mundial de Redes Cidadáns, o sociólogo Manuel Castells apuntaba que hai intereses mercantilistas e políticos en quen tenta facer crer que existe unha superposición entre redes terroristas e redes cidadáns en Internet. E subliñaba que, pese a ser absolutamente falso, esa crenza é a oportunidade buscada polos grandes aparatos militares e policiais, que volven atopar así unha xustificación para a súa existencia. *“Todo o que constitúe unha mensaxe subxacente, ou todo o que constitúe algún tipo de comunicación horizontal, un fluxo de información, é un luxo que despois do 11-S non se pode permitir”*, afirmou para deducir a existencia dunha tendencia autoritaria que predomina na rede. Máis de 500 millóns de persoas conectadas fai de Internet un verdadeiro instrumento de masas, e semellante multitude é cada vez máis difícil de controlar, polo que volve botar man da censura.

Con todo, e pese a esa tendencia cercenadora, Internet é aínda unha rede que mantén ámbitos públicos para a participación cívica. O que chamamos democracia electrónica ten detrás un sistema de tecnoloxías da información e da comunicación que, ao tempo que son utilizadas por quen máis recursos e poder teñen para posuílas e instrumentalizalas con fins privados, cando non con fins censores ou mesmo criminais, tamén dan pé á subversión de colectivos que perseguen fins sociais. Velaí a emerxencia de numerosas redes comunitarias (Community Networks), que responden a novas formas de asociación e de acción colectiva da era dixital. Actuando no global, como se puido comprobar coas mobilizacións de Nunca Máis contra as causas que fixeran do accidente do Prestige unha catástrofe medioambiental, económica e social.

O cambio e a transformación social son os obxectivos fundamentais destas comunidades, como quedara definitivamente de manifesto no I Congreso Mundial de Redes Cidadáns (Barcelona, 2000) e no II Congreso celebrado un ano despois en Bos Aires. Para conseguilo, válese das TIC e da súa aplicación sobre os diferentes ámbitos nos que se organiza a sociedade. Consígueno mediante alianzas locais, rexionais, nacionais e globais, elaborando e executando un corpo de doutrina que abunda nas ferramentas de desenvolvemento sostible, nas de integración e inclusión social, nas de modernización das estratexias da

ciberdemocracia como unha forma de expresión e consideración cotiá das opinións e demandas cidadáns. É o que pode acabar consolidando un dereito á comunicación como fundamento básico de espazos públicos moi sólidos para unha democracia xenuinamente participativa e representativa.

Outro dos grandes obxectivos que perseguen estas redes a través de Internet é o rescatar dos procesos de homoxeneización de culturas e identidades indefensas ante o extraordinario dominio que teñen da rede as grandes corporacións, económicas e políticas. As TIC, e Internet como a máis capaz, son utilizadas por estas redes cidadáns como instrumentos de expresión e constitución dunha dinámica de identidades e usos culturais.

O desafío que estas redes lles formulan ás institucións gobernamentais é grande. As novas tecnoloxías da información e da comunicación potencian o capital humano e social co que conta a sociedade civil, aumentando así a súa capacidade de control sobre a xestión de goberno.

Ás veces, as redes amplían a súa capacidade de chegada e conseguintemente de recepción facendo que converxan nas súas estratexias comunicacionais os medios independentes e comunitarios tradicionais (sobre todo a radio) e Internet, por unha parte, e as súas implicacións sociais, culturais, económicas, políticas, medioambientais, sanitarias... pola outra. O Global CN, que xurde en 2001, busca que converxan neses obxectivos redes comunitarias de todo o mundo, sobre a base de alianzas estratégicas coas diferentes organizacións da sociedade civil, o Estado, as empresas e as universidades. É unha iniciativa desenvolvida por Global CN Partnership, a alianza internacional de organizacións de redes cidadáns de Europa, USA e Canadá, en colaboración coas redes de EEUU, Arxentina, Chile, Brasil, Uruguai, Australia, México, Costa Rica, República Dominicana, Nova Zelandia, Xapón, Rusia, India e África.

Hai así mesmo na rede iniciativas que favorecen a produción de comunicación alternativa, ou de contrainformación telemática, como anuncian que é NODO 50 (<http://www.nodo50.org/>), o provedor de servizos que se autodeclara "*territorio virtual para os movementos sociais e a acción política en Internet*", e que alberga a case 800 organizacións, case todas de orixe español e latinoamericano. Empezou a facerse notar en 1994, cando xentes de Activistas en Acción, do Movemento Anti-Maastricht, Sodepaz, e outros centros sociais montaron valéndose dunha inicial BBS unha concentración alterglobalista, aproveitando a celebración en Madrid do 50 aniversario da constitución do Banco Mundial e do FMI. A difusión, vía Londres, desa protesta chegou daquela aos países do Leste, EEUU e Italia, entre outros. Foi a experiencia pre-Internet, a rede á que de inmediato se acolleron baixo o nome de NODO 50. A súa independencia financeira, que asumen como un principio fundacional, asegura a súa independencia dos poderes establecidos. Son os seus usuarios os que financian a cobertura de tódolos servizos que ofrece.

Indymedia é tal vez o modelo máis global e representativo de cantos utilizan Internet para experimentar medios de comunicación democrática. O Centro de Mi-

día Independente (CMI), que se popularizou como Indymedia, é unha organización mundial sen fins lucrativos, que ten activistas en moitos países, e que se articula de modo global, nacional, rexional e local. Forma comunidades de coparticipación social, ou de articulación de individuos en grupos locais que forman unha rede global conectada a través de Internet, e constituída dunha unidade común. As comunidades comparten informacións en texto, imaxe, audio, vídeo, pero tamén valores e concepcións sociais e políticas comúns, reforzadas e potenciadas en Internet.

Indymedia xurdeu en 1999, con ocasión da cobertura da terceira Reunión Ministerial da Organización Mundial de Comercio (OMC) en Seattle. Baixo o slogan “Odia os media? Sexa media”, xa sobrepasan os 200 centros creados polo mundo que teñen conexión a través deste medio comunitario.

Outras entidades sen fins lucrativos, como as ONG, volcan tamén a súa contraoferta comunicacional a través de Internet, organizándose en rede para contraprogramar información de sur e norte fronte ao que fan as catro grandes axencias de información internacional que o fan na dirección norte-sur, deixando a escuras realidades e acontecementos do terceiro mundo.

Movimentos insurxentes, e revoltas sociais en países e sociedades ben distintas, fixeron de Internet un instrumento eficaz para facerse visibles. O levantamento zapatista é seguramente o máis característico e coñecido. O “sub-comandante Marcos” e a súa xente lograron traspasar a súa mensaxe da esfera local ao espazo público nacional e internacional grazas a Internet. Conseguiron así que a súa causa de xustiza e dignidade para os pobos indíxenas chegase directamente ao mundo, que só tiña ata entón o relato trivial que do levantamento daban Televisa e a CNN.

Luís Álvarez Pousa é profesor na USC, director da revista “Tempos Novos” e membro do Consello Asesor do IGADI.

Bibliografía

CASTELLS, M.: *La era de la información: economía, sociedad y cultura*, Madrid, Alianza, 2000.

MIÉGE, B.: *La pensée communicationelle*, Grenoble, Preses Universitaires, 1995.

PAQUETE DE OLIVEIRA, J.M. et alia: *Cibercafés. A Sociedade da Informação em Análise: Internet, Interfaces do Social*, Ministerio de Ciencias e Tecnología, Lisboa, 2000.

VIDAL BENEYTO, J. (dirección): *La ventana global*, Madrid, Taurus, 2002.